

O COAG E AS ELECCIÓNS GALEGAS DO 18.02.24

O Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG) fai un chamamento aos diferentes partidos políticos ante a proximidade das eleccións autonómicas, reclamando aquelas medidas que deberan ser atendidas no beneficio de toda a sociedade galega, do noso territorio e do colectivo de arquitectos e arquitectas de Galicia.

MEDIDAS PARA ARQUITECTURA E URBANISMO EN GALICIA

DEREITO Á VIVENDA

1. Impulsar **políticas de vivenda pública de calidade** e un **pacto pola vivenda** entre os partidos políticos e os axentes sociais.
2. Desenvolver nos concellos de máis de 10.000 habitantes **Plans de Vivenda** e solucións particularizadas, así como o impulso a novos modelos habitacionais e a medidas de apoio á auto promoción e cooperativismo.

ORDENACIÓN DO TERRITORIO

3. **Mellora da planificación do territorio** a través dun maior aproveitamento das diversas ferramentas urbanísticas para a transformación cualitativa do mesmo, mediante a participación permanente dos técnicos e técnicas implicadas na ordenación do territorio .
4. Favorecer a formación dos e das urbanistas e a elaboración de planeamento xeral e de desenvolvemento.
5. **Requirir a participación de arquitectos/as nas axendas urbanas** e/ou plans territoriais estratéxicos.

DEFENSA DO PATRIMONIO

6. **Protexer o patrimonio arquitectónico** histórico e contemporáneo. Incluír nas comisións de patrimonio provincial un representante do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
7. **Fomentar a rehabilitación da edificación** e a revitalización das contornas construídas mediante programas integrados. Impulsar as oficinas de rehabilitación e información en todo o territorio galego co fin de estimular a recuperación das ARIs.

MELLORA DA CALIDADE ARQUITECTÓNICA DE EDIFICIOS E DE ESPAZOS PÚBLICOS

8. **Levar á práctica a Lei de Arquitectura.** Primar a calidade dos proxectos e non as baixas económicas, así como contribuír á divulgación das obras realizadas en Galicia.
9. **Impulsar concursos para toda a contratación** na Administración galega.
Revisar os pregos actuais e adecuar as modalidades de concurso, así como establecer criterios extensivos a toda a Administración autonómica. Apoiar aos concellos con técnicos/as e dotación económica para que poidan desenvolverse. Facilitar o acceso aos pequenos estudos e/ou profesionais no inicio da súa actividade.
10. Desenvolver unha **estratexia de mellora do noso espazo público** na que se teña en conta aos e ás profesionais da arquitectura como axentes imprescindibles no proceso.
11. **Garantir uns honorarios mínimos e unificados** en toda a administración galega. Deste xeito serán acordes as responsabilidades contraídas e ao coñecemento acumulado, en lugar de facer referencia ao salario base por hora.
12. **Apoiar a formación de arquitectos/as** tanto na universidade como na etapa profesional, estimulando a innovación e a profesionalización do sector.
13. **Reforzar o proxecto Terra**, o programa de apoio para a formación da infancia e a mocidade que leva impulsando o COAG vinte e tres anos.
14. **Pór en marcha o Arquivo de Arquitectura de Galicia** e desenvolver un espazo de divulgación que permita entender a transcendencia da arquitectura na construción do país e na ordenación do territorio.
15. **Garantir a presenza suficiente e cualificada de arquitectos/as nos departamentos técnicos** da Xunta de Galicia que desenvolvan arquitectura, rehabilitación patrimonial e urbanismo.

SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA

16. **Desenvolver de modo urxente medidas de simplificación e axilización das licenzas** municipais (técnicos/as de apoio, estímulos fiscais, etcétera).
17. **Garantir a presenza de arquitectos/as en todos os Concellos** de Galicia. Desenvolver mecanismos para a consolidación das prazas de arquitectos/as municipais parellos ao impulso da figura de arquitectos habilitados que roten por concellos de menos de 10.000 habitantes.
18. Fomentar a harmonización de criterios nas entidades locais.